

VIEIRO DE PAMBRE OU CAMIÑO DE MONFORTE Á CORUÑA

De San Miguel de Coence ao castelo de Pambre polo Camiño Real

Intervención do **INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS** na andaina “Emilia Pardo Bazán e os Pazos de Ulloa” do programa MONUMENTA da Xunta de Galicia (25 de agosto de 2018)

PARADA 1.- Igrexa románica de San Miguel de Coence (Palas de Rei).

VIEIRO DE PAMBRE OU CAMIÑO DE MONFORTE Á CORUÑA CAMIÑO DE PEREGRINACIÓN E VÍA REAL

Coa caída do Imperio Romano de Occidente as comunicacións circunscíbíronse exclusivamente a motivos comerciais (feiras, mercados...) e aos relixiosos cunha grande afluencia cara aos dous núcleos de peregrinación europea: Roma e Compostela (Nardiz Ortiz, 1992:183), ambos lugares onde, segundo a tradición, se atopan soterrados os corpos de dous discípulos directos de Xesús de Nazaret .

A peregrinación a Compostela xorde trala difusión por Europa da lenda xacobeá sobre o corpo do apóstolo Santiago o Maior que arribou en Iria Flavia sobre unha enorme pedra, feito que motivou a viaxe dende Compostela ata ese punto da costa galega, pois, sempre segundo a lenda, tamén Santiago predicara durante a vida neste sitio de Hispania (Alonso Romero, F. 1996).

Contrariamente ao que tendemos pensar dende a Idade Media non existían só un contado número de camiños que conducían cara a Santiago de Compostela (crenza propiciada por políticas actuais que buscaron darlle relevancia e visibilidade a uns camiños concretos de peregrinación aos que dotaron de certos servizos, práctica esta que propiciou a caída en desuso e o abandono doutros que tiveron historicamente moita vitalidade) senón que a cantidade de vías empregadas ao longo dos séculos foi moi superior. Imos referirnos ao caso concreto do Vieiro de Pambre tamén coñecido como Camiño de Monforte á Coruña que contou con uso ata inicios do século XX.

Alguns dos tramos deste camiño son coñecidos como Camiño de Inverno, entra en Galicia pola Cunca do Sil, despois de pasar o Castelo de Cornatel, (Priaranza do Bierzo) onde se situou unha casa templaria na que podían acubillarse os peregrinos, e as Médulas cara a Ponte Domingo Flórez. Neste punto penetra na provincia de Ourense, descorre en paralelo ao Sil pola marxe dereita, atravesa Sobradelo, O Barco, Vilamartín de Valdeorras e A Rúa. Entra na provincia de Lugo por Quiroga, ao pé do Montefurado e Torre Navais onde se situaba a orde hospitalaria de San Xoán de Xerusalén. Segue por A Pobra de Brollón, Monforte a través de Castillón, Diamondi, os Cóbados de Belesar e Lincora. Pasa pola marxe dereita do Miño en Belesar, despois ven a depresión de Chantada por onde xurde a alternativa de seguir á Serra do Faro e Terras do Deza cara Santiago ou orientarse cara Taboada, Monterroso e Palas de Rei, evitando con esta última opción a xeografía esgrevia do Faro.

Dende Chantada o itinerario pasa por Mariz, a Devesa da Elfe (onde durante o Antigo Réxime se situaba unha “venta” para os caminantes), San Xián do Campo, Toldao, A Puricela e Taboada dende onde segue cara a Serra de Narón, polo Torrón, o Marco de Cabanelas (onde houbo outra pousada do camiño), Os Carballiños, este tramo recibe o

De San Miguel de Coence ao castelo de Pambre polo Camiño Real. Instituto de Estudos Ulloáns.

nome de Camiño Santo, con claras alusións xacobeas como é evidente, Meixonfrío (onde existía outra venta ao servizo do Camiño Real), As Neves, o Alto das Tombas, O Francés (topónimo evidentemente xacobeo), Sambreixo, Sirgal, o Carril, o Camiño das Arcas, actual vila de Monterroso (importante enclave pola feira que aquí ten lugar dende polo menos o século XIII), Esporiz, Bidouredo, A Moreira, San Lourenzo, Vilarfonxe, O Caño, Ponte de Trasmil, Coence, Setefontes (moi cerquiña atópase o lugar de Repostería que como o seu nome indica era un albergue para peregrinos), Camiño Vello de Pambre, Fonte do Mallo, Monte Soane e O Coto, onde enlaza co Camiño Francés .

Dende o século XVI moitos dos camiños que sobreviviran por causa da peregrinación empezan a chamarse reais. O tramo do Camiño de Pambre na bisbarra da Ulloa durante o Antigo Réxime era apto para as cabaleirías, as recuas de arrieiría e aínda para os carros malia á orografía e a carencia dun firme estruturado e en bo estado. A presenza de infraestruturas coma as pontes determinan o futuro dun camiño. No caso que estamos estudando a Ponte Trasmil e a Ponte Pambre contribuíron a que este permanecera inalterado ao longo dos séculos.

Durante todo o Antigo Réxime e ata ben entrado o século XX existía un tipo humano que poderíamos denominar o profesional dos camiños, eles eran os arrieiros. Eran os encargados de viaxar coas súas recuas dun lugar noutro e transportar as mercadorías. Como aconteceu coa totalidade dos camiños galegos a el non chegou a Cabaña Real de Carreteros instaurada na época dos reis católicos. E tampouco contou cun servizo de postas organizado como o que existiu, por exemplo, entre as cidades de Lugo e Ourense.

Os camiños eran sitios inseguros, dende o mesmo Medievo se dictaron leis para protexelos (Fuero Juzgo, Siete Partidas, Novísima Recopilación...), o Codex Calixtinus advirte desta realidade (Libro I, cap. XVII), distintas ordes relixiosas e aínda señores feudais se erixen en defensores da seguridade dos camiños. Os mesmos posuidores do Castelo de Pambre aseguraban o libre paso pola ponte do Castelo previo pago dunha taxa, outro tanto ocurría para poder atravesar o Curro que se cerraba sobre o Camiño Real á altura da Casa de Laxe. Ante as inxustizas e cobros indebidos que acontecen ao longo de toda a xeografía española, os monarcas vense obrigados a legislar para evitar os atropelos. Leis como a do 14 de xullo de 1780 así o acreditan .

Por que cae en desuso este camiño?

-Difusión do Codex Calixtinus e con el dáselle propaganda ó Camiño Francés fronte a calquera outro.

-Prohibición da peregrinación e limitación da mesma a aqueles camiños máis transitados. Ante a proliferación de vagabundos e maleantes que aproveitan a caridade que se exercía cos ofrecidos cara a un lugar santo, dende a Idade Media as leis obríganos a levar unha vestimenta típica que os distinguía coma tales peregrinos (Fernández Arenas, J. 1995:271) pero aínda así moitos maleantes disfrazáranse coa túnica propia dos ofrecidos e deambulan polas distintas poboacións, pedindo esmola e recibindo as dádivas que por xustiza pertencían aos verdadeiros peregrinos, ademais de ocupar as prazas dos hospitais ou alberguerías (Fernández de Riego, 1984). É por isto que se limita a peregrinación só a aquelas vías máis transitadas.

Xa no século XX:

-Publicación e recoñecemento de determinados camiños de peregrinación coma os camiños de peregrinación por antonomasia por parte da Xunta de Galicia o que supuxo practicamente a perda de todos aqueles outros que sendo igualmente empregados non figuraban na listaxe.

-Falta de protección normativa ao non estar recoñecido o seu itinerario.

As vías de peregrinación a Compostela dende o seu inicio non traían só a persoas que querían manifestar as súas ansias espirituais ante un sartego, traían tamén aos que viñan cumprir penas impostas por autoridades civís ou relixiosas, aos que viñan satisfacer unha promesa, etc., e con estas xentes alleas introdúcense tamén mercadorías, ideas, pautas culturais, estilos...(Ruiz de la Peña Solar, J. I., 1996) entre os que está o Románico, estilo construtivo do que é exemplo preclaro a igrexa de San Miguel de Coence.

TEMPLO DE SAN MIGUEL DE COENCE

San Miguel de Coence trátase, segundo J. Delgado Gómez, dun núcleo cristián moi antigo tanto pola atribución haxiográfica a San Miguel coma pola presenza dalgúns vestixios datables nos primeiros séculos de cristianización do noroeste peninsular (concretamente consérvase unha pía que se pode situar entre os séculos VII-VIII na que se realizaba o sacramento do bautismo por inmersión).

O templo é un exemplar de igrexa románica rural formada por nave e ábsida rectangulares, cubertos a dúas augas e con lixeiras alteracións produto dalgunha das reformas recibidas, tal coma a perda dos canzorros que se situaban entre o muro e a teitume cuberta a dúas augas. Pode ser datado na metade do século XII (Y. Perrín).

A ventá absidal é en arco de medio punto sobre liñas impostas e chapiteis vexetais apoiados sobre columnas.

A porta principal con tímpano enmarcada por unha dobre arquivolta de moldura tórica que se apoia en liñas impostas e estas sobre capiteis de tipoloxía xeométrico-vexetal. Gornece o conxunto dobre escocia con decoración de tacos e en dentes de serra. A cruz do tímpano pode ser interpretada como un motivo estelar en tanto que cruz inscrita. Tal práctica de decoración a través da referencia ao astral xa está presente en algunhas estelas cántabro-romanas, tamén na arte do pobo celta e íbero (Sopeña, G. 1987, Esteban, M. 1990, etc.). Tal motivo foi tomado pola arte cristiá e nesta igrexa según J. Delgado é un crismón, “un anagrama de Jesucristo”.

O arco triunfal é de medio punto, presenta dobre arquivolta e está cinguido por un arco exterior apoiado sobre liña imposta corrida decorada con motivos xeométricos. O arco interno é de sección rectangular e apoia sobre o muro ao igual co exterior, sen embargo, o medial descarga o seu peso sobre capitel que á súa vez se apoia nunha pilastra. O capitel dereito reproduce unha escea sobre Adán e Eva tras ser tentados pola serpe estando presente un demo “rabado”. O chapitel esquerdo reproduce a resurrección de Xesucristo segundo o Evanxeo apócrifo de Pedro.

De gran importancia son as pinturas muráis que reproducen: a Anunciación, distintas esceas da vida e crucifixión de Xesucristo, a misión de San Miguel condutor de ánimas.

CASTELO DE PAMBRE

O Castelo de Pambre constitúe un baluarte da arquitectura defensiva civil da bisbarra da Ulloa e tamén do resto de Galicia. Xunto coa Torre de Amarante (Antas de Ulla) e a Torre de Penas (Monterroso) son os tres elementos máis representativos deste tipo de arquitectura- fortificación na comarca.

Á luz das actuais reformas e catas arqueolóxicas efectuadas a carón do conxunto das edificacións do castelo púidose saber que o solar que ocupa foi habitado moitos séculos antes da Idade Media, así o corroboran distintos vestixios. Ten unha larga e complexa historia, mandado construír por Gonzalo Ozores de Ulloa a carón do 1375. É unha das *De San Miguel de Coence ao castelo de Pambre polo Camiño Real*. Instituto de Estudos Ulloáns.

escasas mostras de arquitectura militar da Idade Media que sobreviviu ás loitas irmandiñas do século XV contra os señoríos feudais.

Malia atoparse lixeiramente afastado do Camiño Francés de Santiago tal como foi delimitado nas últimas edicións pola Xunta de Galicia, é un referente na historia das peregrinacións e así o acredita o feito de ter sido considerado un elemento asociado a tal camiño no inventario previo á declaración de Patrimonio da Humanidade da Unesco.

Despois de moitas vicisitudes históricas o Castelo de Pambre, xa era hora, puido abrir as súas portas ao gran público. O espírito defensivo, de acorazamento que inspirou a súa construción, ao fecharse sobre si mesmo parece que perdura no seu devir pois non é ata o ano 2016 que se consegue que poida visitarse despois dun Proxecto de Rehabilitación, promovido pola Axencia de Turismo de Galicia, redactado por un equipo cuxa dirección recaeu no Dr. en arquitectura d. Mario Crecente, quen á súa vez elaborou un Plan de Usos. As obras realizáronse entre os anos 2014 e 2015. A empresa encargada de efectualas foi Copasa, baixo a dirección dos arquitectos Mario Crecente e Jorge Salvador.

María José Gómez Alvite. Instituto de Estudos Ulloáns

PARADA 2.- Ponte medieval no río Pambre

A BIODIVERSIDADE DA ULLOA

A Ulloa constitúe un magnífico exemplo da paisaxe en mosaico con aldeas, prados, agros, pequenas manchas de árbores autóctonas e montes con matogueiras, que caracterizou o rural galego no século XX, se ben hoxe en día ameazada por factores do cambio global como o abandono da vida rural e a implantación de cultivos forestais industriais. A existencia local de afloramentos de rochas ultrabásicas (serpentininas) introduce a maior singularidade da biodiversidade da comarca, con varias especies de plantas exclusivas a nivel mundial, compartidas coas Terras de Melide. Entre a fauna destaca a continuidade de especies outrora comúns, en declive en toda Europa polos fenómenos do abandono rural e a intensificación agraria.

Xurxo Mouriño Lourido. Instituto de Estudos Ulloáns

PARADA 3.- Castelo de Pambre

OS ULLOA E O CASTELO DE PAMBRE

O castelo de Pambre foi construído na baixa Idade Media polos Ulloa, integrantes dunha antiga caste galega fiel primeiro aos reis da Casa de Borgoña e despois aos de Trastámara, aos que serviron no tránsito da Idade Media á Moderna. Ambiciosos cabaleiros posuidores dos señoríos da Ulloa e de Monterroso, prosperaron social e economicamente nos séculos XIV e XV ata asentarse na alta nobreza acubillados polos Trastámara, que os nomearon condes de Monterrei e de Altamira, e deles descendem os de Andrade e de Lemos e moitas outras familias da nobreza castelá e extremeña.

Foron as rendas dos seus señoríos, os seus vantaxosos matrimonios e os padroados e dominios adquiridos, algúns ocupados con violencia, os que lles permitiron levantar unha fortaleza de tales dimensións. De finais do século XIV data a torre da homenaxe, levantada

De San Miguel de Coence ao castelo de Pambre polo Camiño Real. Instituto de Estudos Ulloáns.

por don GONZALO OZORES DE ULLOA († Melide 1402), á que el mesmo se refería como “Torre de Pambre”, e así lle chamaron sempre os veciños da Ulloa.

Con planta cadrada e muros de máis de 3 metros de grosor, a torre está distribuída en catro plantas e soto, cada unha de 22 m² útiles. Accedíase a ela, mediante escada de madeira, a nivel do primeiro andar, por unha porta gótica, elevada a cinco metros do chan, que dá acceso ao corpo de garda, baixo o que existe un soto ou alxube de moita fondura. No segundo andar localízase a sala nobre, na que se abre ao norte unha ventá gótica xeminada e lobulada, acompañada de amplos e simétricos parladoiros, e que conta, na cara oeste, cun vertedoiro de pedra con desaugadoiro canleado ao exterior. No terceiro andar sitúase o que se pode considerar como aposentos. E no cuarto, ao que se accede por unha escaleira de pedra encaixada no muro, abríase unha terraza con cuberta de madeira e tella, bordeada por un matabarrán ameado sostido por ménsulas triangulares lobuladas, hoxe restaurado, dende o que se controlaba visualmente a contorna. Non se trataba, xa que logo, dun simple abrigadoiro temporal, senón dunha torre deseñada para ser habitada en caso de asedios.

Entre 1440 e 1446, o seu fillo don LOPE SÁNCHEZ DE ULLOA (†1465) mandou construír arredor da torre da homenaxe o primeiro recinto da fortaleza, limitado por catro torres máis pequenas cuxo lenzo servía de muro ao corpo residencial, onde habitou certo tempo coa súa segunda muller, dona Inés de Castro Lara e Guzmán, e cos seus fillos María, Sancho e Maior. E xa non lle chamou Torre de Pambre senón “Casa forte de Pambre”, poñendo en evidencia a súa habitabilidade.

Desposara don Lope, en primeiras nupcias, con dona Leonor de Mendoza, sobriña do poderoso arcebispo don Lope de Mendoza. Tiveron un fillo, don Vasco López de Ulloa O mozo, que tería sido o vinculeiro da Casa de Ulloa a non ser polo falecemento da súa nai en 1436 e as maquinacións da súa madrastra, da que se sospeita que o envelenou. Don Vasco casara coa súa prima dona Inés de Moscoso e Castro, da Casa de Altamira, coa que tivera un fillo, de nome Lope, que foi o I Conde de Altamira.

Ao corpo residencial do castelo, construído por don Lope Sánchez de Ulloa, accedíase pola porta gótica aberta no lenzo oeste. Constaba supostamente de dúas plantas, duns 180 m² cada unha, soto e faiado, e dicir, un espazo útil de máis de 600 m². No soto, con acceso ao primeiro andar descubriuse recentemente un profundo pozo que seguramente subministrou auga potable aos habitantes do castelo, e unha poterna no lenzo leste. No primeiro andar, abríase unha porta de acceso directo á torre SE e, na cortina oeste, dúas ventás con parladoiros e escaleiras de acceso ao segundo andar e máis ao adarve. No segundo andar situábanse a cociña (caracterizada por unha ventá con parladoiro e un gran vertedoiro de pedra con desaugadoiro, e por unha voluminosa cheminea ou lareira de sala, decorada con motivos renacentistas nas xambas da cambota), o salón, os aposentos principais (con parladoiros e chemineas) e unha latrina proxectada ao exterior do muro apoiada sobre dúas ménsulas.

A torre SW aloxaba un alxibe baixo o corpo de garda, ao que se accedía polo segundo andar, mentres que a torre SE, comunicada co corpo residencial, tiña tamén as correspondentes tres plantas: soto e primeiro andar, con saeteras abocinadas e funcións presuntamente de calabozo, e un segundo andar, ao parecer residencial, cunha ventá con parladoiros.

Estamos a falar dun edificio militar coas prestacións do pazo de Vilamaior ou pazo de Ulloa, solar familiar no que residía habitualmente a familia, pero moito máis seguro, con funcionalidade tanto residencial como administrativa e defensiva. Mais a pesar de que o castelo era o emblema do seu poder señorial, o pazo continuou sendo o centro administrativo do señorío durante moitos anos.

De San Miguel de Coence ao castelo de Pambre polo Camiño Real. Instituto de Estudos Ulloáns.

O seu neto don SANCHO SÁNCHEZ DE ULLOA (I conde de Monterrei, †1505) levantou, entre 1470 e 1480, despois da revolta Irmandiña, a muralla exterior ou segundo recinto da fortaleza, e acondicionou o espazo residencial, onde residíu uns anos coa súa nai dona Inés de Castro, a súa muller dona Tareixa de Zúñiga e a súa filla Francisca (II condesa de Monterrei), posiblemente a única Ulloa que naceu na fortaleza.

Dona Francisca casou en primeiras nupcias co seu primo Diego de Acevedo Alonso e Ulloa, fillo do arcebispo Alonso II de Fonseca, e en segundas con Fernando de Andrade. Os seus descendentes viviron na fortaleza de Monterrei e posteriormente no seu Palacio de Monterrei de Salamanca, xa integrados na Corte, deixando o castelo de Pambre en mans de alcaides e administradores.

Feron Inés de Castro e as súas fillas María e Maior de Ulloa, mulleres de gran influencia na Galicia do século XV. A dona María de Ulloa, herdeira do señorío de Cambados, esposárona con Álvaro Páez de Soutomaior, irmán de Pedro Madruga, emparentando así por segunda vez coa Casa de Soutomaior. Unha vez viúva, foi amante do arcebispo Alonso II de Fonseca, co que tivo dous fillos: Diego (casado coa súa prima Francisca) e Alonso, o filántropo e culto arcebispo Alonso III de Fonseca ao que alcumaron O Médici español.

A dona Maior prometérona en matrimonio, á idade de nove ou dez anos, a don Xoán de Zúñiga, da rica Casa de Monterrei. Pero mudaron oportunamente os intereses familiares e decidiron faltar ao compromiso cos Zúñiga para así poder emparentar coa Casa de Lemos, prometéndoa de novo ao herdeiro don Diego de Lemos.

Ofendidos pola aldraxe, os Zúñiga, moi probablemente en 1462, arrasaron as terras dos Ulloa, queimaron o pazo de Vilamaior e fixeron prisioneiro a don Sancho, polo que a familia tivo que refuxiarse no castelo de Pambre e facelo a súa residencia principal despois da morte de don Lope en 1465. Nese tempo, don Diego de Lemos converteuse no líder da Revolta Irmandiña en Lugo, mentres a súa dona, Maior de Ulloa, estaba recluída no castelo de Pambre, o que puidera ser a razón pola que non foi atacado pola Irmandade, ao contrario do que sucedeu con outras torres pertencentes á familia.

Feron, por outra parte, tantos e tan diversos os habitantes da fortaleza de Pambre ao longo dos séculos, e diferentes tamén os seus usos, que non podemos considerala como un espazo historicamente deshabitado, se ben é certo que foi obxecto, dende o século XVIII ata comezos do XX, da desidia da súa titular, a Casa ducal de Alba, herdeira dos bens dos condes de Monterrei e máis preocupada, tras a anexión das principais casas nobres galegas, pola obtención das lucrativas rendas que lle daban os seus extensos e produtivos dominios en Galicia que pola necesaria conservación do patrimonio arquitectónico herdado.

Dende o século XVIII viviu nas casas labregas levantadas dentro do recinto da fortaleza a familia Moreiras, foreiros que adquiriron o castelo a principios do XX e dos que foi herdeiro o intelectual galeguista Manuel García Blanco, que o vendeu nos anos 70 á familia Taboada Roca, que pouco antes rehabilitara o título de Conde de Borraxeiros. Manuel Taboada Fernández, xa no século XXI, deixou en herdanza o castelo aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, que o venderon posteriormente á Xunta de Galicia.

Mais non podemos esquecer a un persoeiro que, sen ser morador do castelo, foi sen dúbida o que máis aportou ao coñecemento e divulgación da súa historia. Referímonos ao erudito historiador, ensaísta e novelista Antonio López Ferreiro (1837-1910), cóengo en Compostela, autor da célebre novela histórica *O castelo de Pambre* (1895), que, ademais de introducir o xénero na literatura galega, ofrece unha rigorosa interpretación histórica das orixes da fortaleza de Pambre.

X. Francisco Pardo Teijeiro. Instituto de Estudos Ulloáns

De San Miguel de Coence ao castelo de Pambre polo Camiño Real. Instituto de Estudos Ulloáns.